

# FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

## AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
C.E.I.P. ISAAC DÍAZ PARDO - CULLEREDO (A CORUÑA)

NA MESMA INSTANCIA PODEN SOLICITARSE TODAS AS AXUDAS ÁS QUE CADA FAMILIA TEN DEREITO E PARA TODOS OS FILLOS/AS QUE CURSEN ESTUDOS NOMESEMO CENTRO.

ORDE do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2021/2022 (código de procedemento ED330B) (*Diario Oficial de Galicia do 20 de maio de 2021*).

### DESTINATARIOS

#### Centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos

- **Fondo solidario de libros de texto:** alumnado matriculado en 3º, 4º de EP
- **Axudas para adquirir libros de texto:** alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial (EE); así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primeira (discapacidade  $\geq 65\%$ ) e na disposición adicional segunda (necesidades específicas de apoio educativo –NEAE-), circunstancia que fará constar o centro na solicitude.
- **Axudas para adquirir material escolar:** alumnado matriculado en EP .
- O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no **proxecto educación dixital (E- DIXGAL)** no curso 2021/22 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, poderán solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúnan os requisitos establecidos na orde.

### PRAZOS

Entrega de solicitudes: **dende o 21 de maio ata o 22 de xuño, ambos os dous incluídos.**

Devolución de libros de texto prestados do FONDO LIBROS: **17 e 18 de xuño.**

**COMUNICARASE DENDE AS TITORÍAS O PROCHEMENTO E PRAZO DE ENTREGA DOS LIBROS DE PRÉSTAMOS (IMPRESINDIBLE A DEVOLUCIÓN EN BO ESTADO PARA PODER ACCEDER DE NOVO A ESTA AXUDA)**

LISTAS PROVISIONAIS: **2 de xullo.**

PRAZO DE RECLAMACIÓNS: **5 e 6 de xullo**

LISTAS DEFINITIVAS: **9 de xullo.**

## INFORMARASE DAS DATAS DE ENTREGA DE VALES DE AXUDA DE MATERIAL ESCOLAR E LIBROS DE TEXTO

### CALCULO DA RENDA PER CÁPITA FAMILIAR

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2019 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igualou superior ao 33% ou percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Cando se presentase declaración de IRPF no exercicio fiscal 2019, sumaranse as casiñas 435 e 460 (de cada unha das persoas que fan a declaración, se é por separado)



- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario (anexos I e II) dispoñible na aplicación informática *fondolibros* (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave 365 (<https://sede.xunta.chave365>).
- Se a entrega da documentación é presencial é imprescindible solicitar cita previa.
- Anexos I e II da orde debidamente cumprimentados (modelo ED330B). Dispoñibles na web do centro e na conserxería do colexio.
- Libro de familia (orixinal e fotocopia de todas as páxinas escritas). Se non houberse Libro de familia habería que presentar, de ser o caso:
  - Certificado ou volante de convivencia.
  - Informe dos Servizos Sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

#### **MOI IMPORTANTE – DOCUMENTACIÓN ADICIONAL DE SER O CASO**

- *Na solicitude aparece a autorización para a consulta automática de datos (membros computables, DNI, renda, etc). En caso de poñer na instancia que non se autoriza a consulta hai que presentar toda a documentación acreditativa (orixinal e fotocopias para compulsar).*

#### **OBRIGAS DOS SOLICITANTES:**

- Devolver en bo estado os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2020-21 (excepto o alumnado que fixo nese curso 1º e 2º de E. Primaria).

**O CENTRO AVISARÁ ÁS FAMILIAS CANDO SEXA O MOMENTO DE ENTREGAR OS LIBROS DE TEXTO DESTE CURSO. É RECOMENDABLE IR RECOMPILANDO OS LIBROS RECIBIDOS NO FONDO. DE NON SER DEVOLTOS NON HABERÁ DEREITO A SOLICITAR AXUDAS PARA O VINDEIRO CURSO.**

- Conservar en bo estado os libros de texto e material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2021-22 e devolvelos ao rematar este.
- Destinar o importe do vale para libros a adquirir, única e exclusivamente, os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.
- Destinar o importe do vale para material, única e exclusivamente, a adquirir o material escolar que necesite.
- Respectar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



## AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO:

- Para o alumnado que cursará 1º e 2º de Educación Primaria no curso 2021-22.
- **IMPORTE DAS AXUDAS:**
  - Para familias con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros: 210 euros.
  - Para familias con renda per cápita familiar superior a 6.000 euros e igual ou inferior a 10.000 euros: 140 euros.

## FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO:

- Para o alumnado que cursará 3º, 4º de Educación Primaria no curso 2021-22.
- Asignación dos libros:
  - Para familias con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros: 6 libros de texto.
  - Para familias con renda per cápita familiar superior a 6.000 euros e igual ou inferior a 10.000 euros: 4 libros de texto.
- **MOI IMPORTANTE: A APLICACIÓN PODE ASIGNAR 4 OU 6 LIBROS A CADA ALUMNO/A DEPENDENDO DA SÚA RENDA. ISO NON QUERE DICIR QUE O CENTRO LLE TEÑA QUE DAR 4 OU 6 LIBROS SE NA LISTAXE DE LIBROS PARA ESE CURSO HAI UN NÚMERO INFERIOR.**

\*\* O alumnado de 5º e 6º de EP non debe realizar solicitude en FONDOLIBROS por teren E-dixgal

## AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR:

- Para o alumnado de 1º a 6º de Educación Primaria (que cursará no 2021-22).
- Asignación de 50 euros por alumno/a de familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros.

## AXUDAS PARA ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO:

- Para o alumnado que cursará 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria no 2021-22.
- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6:000 euros: 210 euros.
- Renda per cápita familiar superior a 6.000 euros e igual ou inferior a 10.000 euros:140 euros.
- Asignación de 50 euros para material escolar por alumno/a de familias cunha rendaper cápita igual ou inferior a 6.000 euros.